

Ardora

(s)ediçons anarquistas



nº3

Ardora

(s)ediçons anarquistas

Para nós é imprescindível articular um espaço de comunicação, ver os resultados e esforços de uma publicação em papel, dar importância aos livros e a sua potencialidade subversiva.

As condições em que imaginar, pensar, e praticar a confrontação revolucionária, estão hoje longe de serem favoráveis. Mas pensamos que «Ardora», como projeto de comunicação, pode ajudar a vincular e confrontar diferentes ideias, debates, perspetivas e propostas.

Animamos a colaborar já seja com a distribuição ou enviando artigos e propostas. Para todo isto, um contacto: ardora@riseup.net

Esta publicação foi maquetada em Abril de 2018.

Impressa em Sacauntos, cooperativa gráfica (Compostela).

O coletivo nome tem por que partilhar todas as opiniões aqui expostas. A intenção destas páginas é fomentar o debate e o pensamento crítico.

Se queres receber-lá na casa podes subscrever-te enviando um correio a:
ardora@bastardi.net

Nem direitos, Nem deveres.





Vozes



O inesperado

As veces penso que é unha verdadeira desgraza o feito de que a revolución «de referencia» para os anarquistas sexa a que ocorreu en España en 1936. Unha revolución nada como reacción raxiosa, determinada e consecuente a un golpe de estado. Unha revolución que podía contar cunha organización anarquista grande e específica, que a súa vez influía no sindicato máis grande do país. Unha revolución na que os anarquistas entraron no goberno e aceptaron a militarización en nome da urxencia das cousas, das necesidades tácticas do momento. Tres desgrazas incluídas nunha soa experiencia que, de tanto abanderala como modelo histórico, levaron a mente de moitos anarquistas a idea de que a revolución social necesite:

- A) Dunha latente motivación ideológica de orde superior;
- B) Dun apoio popular cuantitativamente significativo;
- C) Dun oportunismo axil e arrepiante, listo para librarse de calquera principio considerado demasiado engoroso.

Unha verdadeira desgraza: Pois, cando faltan estos tres elementos, ou

incluso cando un deles é rexeitado, para moitos só queda a resignación ou loita concebida como un duelo privado. E sem embargo...

Pódese tomar nota canto queiramos da actual ausencia no interior da sociedade dunha aspiración que vai máis alá dunha supervivencia pacífica no medio das mercancías, pero sería suficiente ollar á historia das revolucións (así como das revoltas) para entender que precisamente a española foi, coa súa nobre causa, a constituir unha excepción. Contrariamente faise fronte case sempre a unha situación de insatisfacción xeral, de fortes tensións sociais que de súpito irrompen por algúm motivo incluso insignificante. En Francia en 1871 a comuna naceu despois dunha disputa sobre o movemento dos canóns postos pola defensa da capital dunha nación xa derrotada na guerra. En Italia, en 1913, a semana vermella comezou cando un carabiniere moi nervioso confundiu uns petardos con disparos de armas de lume e consecutivamente apretou o gatillo. En Alemaña, en 1918, a escusa foi a mala comida dos mariñeiros dos buques de guerra. Eran tempos nos que a cuestión social estaba a orde do día? Si, iso é certo. Pero en Los ángeles en 1992 foi a falta

de condena aos policías violentos que foron filmados accidentalmente ao facer o que todos os policías fan tódolos días en calquera país. En Albania, en 1997, foi outra especulación financeira. E así, ata o día de hoxe, nas recentes insurreccións árabes provocadas a raiz do ardente suicidio dun vendedor ambulante tunecino. Todos estes episodios non son, obviamente, as razóns que desencadearon revolucións ou revoltas, que teñen raíces moito más profundas que se resumen e sempre se resumirán na ausencia dunha vida que mereza a pena vivir. Son pretextos. E os pretextos son, de feito, case sempre banais.

Porque en realidade a xeralización da conciencia, no que un tempo se chamou “conciencia de clase”, non afecta tanto como se pensaba a orixes das revoltas e revolucións, que para estoupar non precisan dela. Pode ser que Los Angeles do 1992 ou a Albania de 1997 ou a Tunisia do 2010 estaban cheas de grupos subversivos cun poderoso apoio popular? Estaban só cheas de rabia, frustración e desesperación. E iso é suficiente . En todo caso a presenza de subversivos afecta, ou pode afectar, o curso dos acontecementos, o efecto da explosión social, as posibilidades e as perspectivas que se abren. Unha revolución privada de voces anarquicas terá más dificultades en chegar a anarquía , en experimentar formas de autoorganización e autoxestión dentro de relacións sociais libres de de orde xerárquica, deixando o campo aberto as solucións autoritarias que constituirán todo o horizonte. É por iso que é importan-

te prepararse, na teoría e na práctica, de canto poda acontecer. Polo tanto, é esencial tratar de estender a partir de agora a aversión a todos os partidos, o odio por cada autoridade, a necesidade da autonomía. Mais a carencia na difusión preventiva do virus subversivo non é en absoluto sinónimo de ausencia de posibilidades insurrecionais. Isto significaría caer no erro de que non pode haber revolución sen teoría revolucionaria. Se non vemos a xente baixar a rúa ensalzando a anarquía ou o comunismo, temos que deducir que é mellor quedar na casa? Non é así. Despois de todo, o que lle pasou a Bakunin, que deixou Francia poucos meses antes do inicio da Comuna, decretando o fin de calquera posibilidade revolucionaria nese país, debería ensinarnos algo. Por exemplo que non existe ningunha ciencia revolucionaria, medible e programable, coas súas propias regras estrictas que aplicar. Que unha das forzas determinantes da revolución, como recordou o bo do Galleani, é o inesperado. Que só a paz social más absoluta cava unha tumba. E deste xeito hoxe estamos constantemente ante oportunidades, moitas veces de casualidade, que temos que saber aproveitar cando chegan, intentar transformalas como nos conveñan. Ensalmo consolador? Non tanto, dado que move a atención dun mecanismo externo obxectivo moito más consolante, a unha determinación individual hoxe en día claramente desactualizada.

Se hai algo que debería distinguir aos anarquistas é o rexemento a tiranía do número, o rexemento da políti-

ca. O individuo ante todo. Que sentido ten perseguir o apoio das masas que sabemos que son inconstantes, consecuencia non dunha elección, senón dun estado de ánimo que pode volcarse no seu contrario dun momento a outro? De verdade o que se quere é competir cos diferentes negociantes políticos en materia de demagogoxia, sentíndose ademáis os máis listos neste aberrante campo? Como xa dixemos antes, as revolucións irrompen tamén sen subversivos. Non é o crecemento cuantitativo do movemento revolucionario específico, ou a percentaxe das simpatías populares cara a él, que as provoca. Ademáis non está claro en absoluto que o apoio popular sexa sinónimo de victoria, como ben se decataron os anárquicos españois. Os dous millóns de persoas que perseguiron o ataúd de Durruti non impidieron corenta anos de ditadura franquista. Este apoio pode existir ou non de forma momentánea, polo tanto, por qué debería ser unha constante e punto de referencia de cada acción? Só porque se os explotados non precisan das anarquistas para rebelarse, os anarquistas precisan dos explotados para achegarse a anarquía? Como normalmente se dí, a revolución non a fan os “4 gatos” anarquistas.

Certo. A forza de choque do número é necesaria, sen dúbida, pero quen di que este número é creado só cortexando as súas unidades particulares? Aquí tamén o azar e o inesperado xogan un papel crucial. É moito más emocionante a perspectiva dunha forza numérica lograda porque se conseguiu cautivar a outros con

ideas e prácticas propias —que para iso necesitan ser únicas e orixinais, destacar do caos do reivindicacionismo da esquerda— en vez dunha forza numérica conseguida indo a suplicar aquí e alá, aparecendo en todas partes co seu bo traxe, sombreiro na mán e os seus soños ben escondidos no peto. Xa o apoio popular de anteman pode interesar só a aqueles que teñen ambicións de poder, aqueles que desexan “organizar as masas”, porque obviamente se consideran moito más competentes do Estado e das persoas implicadas directamente (ou sexa, os seres humanos que os compoñen). En canto ao que se pode formar no curso, ou sexa no “lume da mestura”, como fai a ser prevedible? Moitas veces, aconteceu que ideas e prácticas descoñecidas totalmente foron de súpito descubertas ou revalidadas, sen necesidade de ningún proceso de promoción ou educativo anterior. E volver a ser tomadas en consideración, difundidas e melloradas, sen ningún contacto entre os seus actores diferentes. Como se a revolta non se expandise por contacto directo, se non por reverberación indirecta. Entón, en lugar de apretar máns a dereita e a esquerda, mellor intentar brillar intensamente. Despois de todo, todo redúcese a comprender o que queremos. A xeralización dunha perspectiva que nos importa moito, ou o recoñecemento persoal? Que máis e más xente son hostís á autoridade e decidan por conta propia como vivir fóra e contra as institucións, ou que sempre máis persoas “coman das nosas máns” e veñan a aplaudir os nosos proxectos de organización social libertaria?

Unha das críticas más crueis para os anarquistas españoles foi a que expresou un famoso comunista anti-stalinista, que tamén estaba presente no campo de batalla en 1936. Nos artigos que máis tarde dedicou aos feitos, non se contivo en mofarse destos anarquistas que, orgullosos inimigos do estado na véspera da revolución, se converten despois en ministros durante a revolución. E non só contradicen os propios pensamentos, negándoos na súa esencia, senón ademais o fan para axudar a burguesía! Diante desta miseria, el ostentaba a franqueza e a coherencia dos comunistas iguais a él, que din o que queren facer e intentan facer o que din: tomar o poder e usalo contra todos os seus inimigos. Punto final. A quen facía notar que os compromisos dos anarquistas españoles débense a natureza excepcional da situación, ou sexa ao rápido avance dunha guerra que ameazaba a revolución, este comunista respondeu co sorriso na cara que non hai revolución que aconteza en circunstancias normais. A revolución é a excepción. Se no momento dos feitos ponse en práctica xusto o contrario do que sempre se teorizou, facémonos patéticos e ridículos. Mellor tomar nota dos propios errores, ser sinceros e “mudar de bandeira”, en vez de inventar desculpas.

Quen pode culpallo? Esta claro. Ou pensamos que as ideas anarquistas non sexan soamente teorizadas durante os periodos de calma, senón que tamén, practicadas nos momentos tormentosos, ou confirmámos o que di o senso común, según o cal

outra cousa é o facer. No primeiro caso, o anarquismo é ante todo unha tensión ética. Os pensamentos e as accións andan a par non en conformidade cunha identidade ideolóxica tomada do exterior, senón para afirmar as súas individualidades interiores. Entón, ningún compromiso, ningún oportunismo é posible. Porque, literalmente, non é ninsequera imaxinable. No segundo caso, polo contrario é a política a que asume o control sobre a ética. Pero entón, qué sentido ten recalcar a necesidade da acción directa, a coraxe das propias ideas, o rexixitamento de calquera forma de integración política, se despois acabase —a luz do cálculo estratéxico— en facer todo o contrario? Sería como se presumísemos da nosa integridade en ausencia de tentacións e, a continuación ter unha mala conducta á primeira oportunidade.

E non falemos das boas intencións, sería inútil. Non estamos cuestionando sobre elas. Ningún podía nin pode ter dúbidas sobre a xenerosidade de Juan García Oliver, un dos compañeiros más próximos de Durruti. Pero é terrible ver a un anarquista dos Solidarios, que xa foi presidário e expropiador de bancos, acabar converténdose no ministro de xustiza. E, con este título, ordenar o “cesar o lume” ao pobo de Barcelona que se opuxo ao golpe de estado estalinista do maio do 37.

Porque estamos con rodeos? Mellor ser directos: se algún anarquismo “radical” nunca levou a revolución, como reiteran sempre os realistas

máis realistas, o anarquismo “político” sempre levou a colaboración coas forzas autoritarias, que son garantía de traición e derrota. Por iso, debemos abandonar cada modelo e estudar o noso potencial se queremos ter éxito no que sempre fallou. Pero, en-

tón, desafío por desafío, porque iso non debería pasar por dar finalmente forza ás nosas propias aspiracións en vez de facer un acordo político a primeira de cambio?

Anónimo





Análise crítico do 8 de marzo, día da muller traballadora

O pasado xoves, 8 de marzo produciuse un dos actos máis multitudinarios a efectos de mobilización nesta cidade e non só pola celebración do día internacional da muller TRABALLADORA. Dende vai décadas o poder incorporou esta data na axenda pública, roubándolle a etiqueta de traballadora, baleirán-doa de contido e deixándoa no día da muller, onde tódolos poderes públicos, institucionais e políticos lavan as mans e enchen as bocas coa palabra igualdade, pois xa a ONU en 1975 institucionalizou o día con este fin.

Pero este 8 de marzo era diferente, tanto en contido como en forma e estratexia. Trátase da primeira folga feminista de mulleres, é dicir, por primeira vez a nivel histórico chámase a unha folga xeral de 24 horas, segregada por sexo para ver que acontece se faltamos as mulleres aos nosos postos de traballo, ás nosas tradicionais tarefas de coidados, ademais de ser folga estudantil e de consumo.

Neste artigo quero discutir diferentes confrontamentos que foron xurdindo na organización deste acto, tanto a nivel institucional coma dende o plano dos movementos sociais de esquerda.

En primeiro lugar, sinalar a polémica que suscitou a existencia de dúas manifestacións ao mesmo tempo (tan só con media hora de diferenza). A primeira marcha, convocada simplificando pola plataforma feminista galega ás 19.00 no Obelisco e a segunda, convocada por galegas 8M ás 19.30 na Praza de Pontevedra. Eu pertencín á organización da segunda manifestación, e me vexo na obriga de argumentar o porqué de convocar unha marcha autónoma.

Antes de nada, creo que é de xustiza desenmascarar ás organizadoras de ambas. Na marcha convocada no Obelisco atopámonos con organizadoras como a Asociación Casa Museo Emilia Pardo Bazán (na que forma parte o Concello), a Plataforma Feminista Galega (onde intervén tamén o Concello) e partidos políticos como Podemos, a Marea (si! De novo o concello!), alén de sindicatos como CC.OO e UGT (que dicir destes vendeoobreiras)

Inda por riba da “cantosa” e vertical convocatoria, liderada polo partido que actualmente ostenta o poder na nosa cidade e co fin de disipar cal-

quería indicio de dúbida sobre o patrocinio da susodita manifestación, puidemos ver perplexas nos carteis por toda a cidade a convocatoria da marcha baixo a sinatura “Mulleres que transforman realidades”, casualmente o mesmo lema da Marea Atlántica do pasado ano e colocando ven visible o logo do Concello da Corunha.

A resposta que deu a plataforma feminista galega ante esta total evidencia, foi que se pediu unha subvención ao Concello para a tirada de carteis e que este por contrapartida, imprimiuos dotándoos co seu sello, tamén afirmaron que este feito para nada resta autonomía á convocatoria. Encantaríame saber se estas mulleres serían de igual opinión se nos seus carteis aparecese impreso o logo do PP ou proclamas electorais de PSOE ou Ciudadanos.

Deseguida decártase que algunas compas e colectivos que asistiron ás reunións de salón, deron o seu visto bo a que o Concello de xeito voluntario se responsabilizara de imprimir os carteis, a condición de que iso non supuxese incluír o seu logo, pois obviamente este feito supón oúa fagocitación no acto. Estas actas fixérónse públicas, tamén a demanda e esixencia deses grupos a que se lles borrarse da convocatoria do Concello (agora xa se poden dicir as cousas como son, a convocatoria é do Concello da Corunha gobernado pola Marea Atlántica, partido responsable de aniquilar aos movementos sociais), facendo este caso omiso ata un día antes da

convocatoria grazas á presión pública destes colectivos.

Con este fio, chama poderosamente a atención que publiquen alegremente que as organizadoras son, cito textualmente, “movimento feminista unitario A Coruña”. Nesta cidade existen e existiron grupos autónomos feministas, activos, cañeros, libres de partidos e siglas, e contestatarios como Acción Rabuda, Feminismos Coruña, Curuxa Feminista ou a Asamblea Feminista d'A Insumisa. Algúns como Feminismos Coruña contaban nas filas daúa organización coa actual concelleira de Igualdade, Diversidade e Seguridade Cidadá, Rocío Fraga. Estes colectivos, inda que é certo que algúns xa non están en activo, seguen tendo a súas listas de difusión que se empregan para comunicar convocatorias ou ben para informar de sucesos relevantes. Non existiu por parte deste feminismo unitario (?) ningún afán de invitación para que mulleres que pertencen ou pertenceron ao feminismo autónomo a nivel local participasen nesta manifestación conxunta.

Tamén é importante sinalar que a Plataforma Feminista non só non se sumou ao chamamento unitario de Vigo o 4M, gran antesala da folga a nivel Galicia, senón que o rexitou tachándoo de violento. Non esquezamos o apoio incondicional deste colectivo cando o ano pasado CC.OO parou a manifestación unitaria do 8M en Santiago de Compostela, esixindo que a policía levase detidas a unhas compañeiras por facer pintadas ou

escachar un escaparate do Bershka. Pregúntome eu a cantas mulleres más terán que violar e asasinhar para que estes señores nos dean o beneplácito de nos poder encollerizar.

Outro motivo de desconcerto consiste no acto en si, pois a culminación do mesmo consistía en render homenaxe a Emilia Pardo Bazán, non vou entrar a debater sobre o valor e a valentía desta muller en contradicir á súa sociedade, estudar e escribir en prol dos dereitos á educación das mulleres. Claro que hai que respectar a Pardo Bazán, pero non nos esquezamos da condición social desta muller, trátase dunha aristócrata pertencente á alta nobreza da Corunha. O seu contexto, condición económica e estrato social lle permitía estar nunha situación privilexiada fronte a outras mulleres, iso non lle resta valor á súa labor, por suposto que non. Outra cousa é que co gallo de render homenaxe a esta señora nun día sinalado como internacional e da muller traballadora, no contexto previo que contorna unha folga está fóra de lugar, posto que dona Emilia carecía da condición de traballadora ao poder vivir da súa condición de aristócrata.

Por outra banda, compre resaltar o incómodo da prohibición explícita por parte do Concello ante levar bandeiras fóra da cor lilás. A resposta a isto é, ao meu entender, lóxica por unha parte, explícome, podo entender e asumir como sensato que non se queira que a xente acuda con bandeiras fóra das feministas, pois dilúe

o motivo principal e rematan por ter protagonismo sindicatos e/ou partidos, ata o entendido e o respecto. Mais seguramente por outros motivos ben distintos aos da Marea. Para mim é fundamental a autonomía política apartidista de calquera convocatoria cidadá, agora ben, tratándose dunha folga xeral e a primeira feminina e feminista a nivel histórico, creo que é fundamental deixar liberdade a que cada muller exprese o feminismo ou a súa condición de muller do xeito que considere oportuno. É dicir, se quere sacar a bandeira independentista estrelleira e iso tamén a define que a saque, se quere levar a bandeira antifa porque sente que é outro trazo distintivo nela, que o leve, se sinte que desexa portar a bandeira do seu sindicato porque é imprescindible a súa loita sindicalista neste día, pois que a porte. Creo que non se debe nin se pode coartar a liberdade de levar cada unha os símbolos de loita que nos identifique nun día de folga.

Non deixa de resultarme gracioso, ou canto menos entre chamativo e hipócrita, que a Marea faga unha defensa tan fervorosa á autonomía da convocatoria no senso da prohibición de portar bandeiras, namentes impón o seu selo e eslogan ao chamamento, entón por aclararnos, o feito de que as mulleres leven de xeito voluntario as súas bandeiras resta autonomía ao evento e que nos carteis apareza o concello non? ou se cadra máis ben o concello quere ter un protagonismo absoluto neste acto, instrumentalizándoo co fin de sacar del un rédito electoralista?

Neste contexto, mulleres feministas e autónomas organizamos unha alternativa a este insulto por parte do poder. Organizámolo de xeito horizontal, convidando a calquera organismo, grupo, e/ou individualidades a sumarse ao evento. Convídamos tamén a sindicatos. Nas reunións eramos poucas mulleres, non superando en ningunha asemblea as 15 integrantes. Había mulleres moi plurais en canto a activismo e métodos de loita, sendo o común denominador a necesidade de realizar unha convocatoria autónoma.

Había mulleres militantes da CIG, que nunca quixeron que a súa organización tomase relevancia neste acto. Pediuse permiso a galegas 8M para utilizar a súa convocatoria, eslogan, tipografía e manifesto, pois había acordo de que este era a maneira máis plural e unitaria.

Na manifestación contábase por miles as persoas que acudiron, mulleres e homes, sendo as primeiras as que tomaron o protagonismo. Inda que é certo que había moitas banderas da CIG tamén o é que existían



outras bandeiras como a de Coruña Antifascista, a independentista, anarquistas, okupas ou bandeiras moradas, mostra da diversidade das integrantes e das simpatías individuais no percorrido.

Os medios de desinformación apresuráronse en afirmar e reducir a convocatoria á CIG, mais isto é algo que os medios fixeron sempre, reducir, simplificar e mentir sen contrastar. Puiden ver e escocitar como compañeiras deste sindicato esforzábanse en explicar que elas apoian esta marcha e que se trata dunha convocatoria libre de siglas e sindicatos, pois por iso é unha convocatoria autónoma. Mais xa sabemos como funcionan as fábricas de opinión.

Tamén quero sinalar que se conviou a mulleres da CUT e de CGT, sen resposta. Algo despois decateíme por un compañeiro(¿?), que estes facían unha convocatoria propia o 3 de Marzo por cualificar a do 8M como fascista e nazi (¿?!¿) ao non permitir que os homes participaran da organización. Isto é certo, non se permitía aos homes vir aos preparativos previos e asembleas decisórias, pois é unha folga de mulleres e entendemos que somos nós as que o temos que organizar. Eu con sinceridade, negueime a facer pedagoxía. Penso que se es un home comprometido coa igualdade e o feminismo é sinxelo de entender que debes respeitar que as mulleres se organicen como lles praza para unha folga que lles pertence a elas de puro derecho, porque son elas ás que se quere visibili-

zar, e que ti como home podes, por suposto apoiar, endexamais copar e vir dirixir, nin ousar dicirnos como organizarnos e coordinarnos. Se es deste pensamento, ou simplemente non respeitas nin entendas que as mulleres nos organicemos de xeito autónomo e non mixto, non fai falla que nos apoies, quédate na túa casa ou vaite ao bar a consumir, simplemente apártate e deixá facer. De ser certa esta información, o único que da mágoa, é que me consta que mulleres deste sindicato apoian a organización non mixta, pero tiñan que respeitar o mandato dunha organización xerárquica e patriarcal.

No transcurso da manifestación fixéronse paradas para amosar o noso rexeitamento a organizacións como Intermon Oxfam, a Igrexa, os abusos a traballadoras do Mercadona, a aniquilación do barrio das putas para convertelo nun bulevard comercial capitalista, recuperouse a memoria da loita por parte de anarquistas mulleres nas Atochas e ata se cambiou de novo o nome da praza das Atochas por praza das Mulleres Libres. Léronse comunicados, portáronse antorchas, bengalas, foguetes e se pendrou a pancarta de cabeceira, bastante precaria que fixemos as mulleres que o organizamos.

Entendo o malestar de moitas mulleres cando expresan a súa tristura de que un día tan importante non poida existir unidade, por iso a necesidade miña individual de expresar as razóns.

Cando o poder trata de impoñer a súa idea de feminismo esixindo e negando o dereito ás mulleres de expresalo como consideren é preciso crear un bloco crítico xa na propia manifestación ou ben en forma de convocatoria propia. Cando o poder prescinde do dereito a organizarse de mulleres pertencentes a un feminismo crítico, autónomo, activo e de base, e este mesmo poder as silencia e vende unha convocatoria como feminismo unitario, é pertinente que estas mulleres se xunten e se organicen de xeito autónomo. Cando o poder imprime o seu selo e o seu logo á convocatoria, é de xustiza o non acudir cando se entende que eles son parte do problema. Non existe un único feminismo, e de así ser, non sería nin burgués nin institucional.

Para rematar, é importante mencionar que ás mulleres desta cidade negóuseños o dereito á folga por facelo festivo neste concello, no acto institucional da Marea o xoves pola mañá, foi o Alcalde e non unha muller o que falou alegando os motivos desta folga, pero estas causas non lles importaron para organizar e contratar a mulleres que desen concertos durante esta xornada, aquí non lles pareceu importar que había unha folga de mulleres.

O que máis se leva discutindo nestes días é a confrontación que supón unha organización e percorrido propio, aquí tentei albiscar as razóns e relatar como vivín estes días a título individual. Se fixésemos bloco crítico leriase en clave de provocación, se fa-

cemos convocatoria propia tamén se nos tachará de confrontadoras, mais penso que a confrontación non só é boa senón necesaria, non por ser feministas debemos unificarnos cando iso supón unha perda de autonomía, apoiar o liderado do poder político e doregarse a unha convocatoria levada pola Marea. O feminismo é diverso e estamos no derecho de criticar tanto os xeitos de actuar como de intentar instrumentalizar un día para levarse crédito político os que ostentan o poder.

MELLOR DESCONTROLADAS QUE INSTITUCIONALIZADAS!

FEMINISMO OU BARBARIE!

*Artigo publicado no jornal digital
airmandadedacosta.info*

Imagens tomadas de Galiza Contrainfo



Além



Luitando baixo o estado de emergência

Perspetivas anarquistas sobre a conflitividade na França

Neste último ano camaradas de diferentes horizontes geográficos apresentaram várias questons no tocante ao contexto francês ao longo de diversos debates. As discussons tratárom, por exemplo, sobre as consequências dos ataques jihadistas - concretamente em termos repressivos -, sendo claramente a França um dos laboratórios de anti-terrorismo e seguridade a nível europeu. Mas o debate também, e principalmente, encaminhou-se para um clima de agitaçom social marcado por movimentos de oposiçom ou revoltas cujos ecos tenhem transcendido as fronteiras nacionais.

É também em resposta a este interesse e curiosidade que trataremos de elaborar um resumo, obviamente limitado e parcial, da situaçom em que estamos a viver e luitar. Ao fazermos a escolha de nos centrar em certos episódios de confronto nom pretendemos loá-los incondicionalmente nem presentá-lo como ‘nec plus ultra’ da conflitividade, senom só dar alguns exemplos de atividate anarquista num contexto que sem dúvida está cheio de contradiçons

- e mália os esforços do Poder e o contínuo avance do devastador bulldozer capitalista. Estas situaçons tenhem sido occasons, entre outras, para continuar espalhando conteúdos e práticas anarquistas baseadas no rechaço de toda autoridade, na iniciativa individual, a livre associaçom e a ação direta. Na nossa opiniom, ditas situaçons mostram a necessidade das nossas próprias intervençons, também no contexto de conflitos mais amplos, no relativo à intensificaçom e extensom da posta em dúvida do estabelecido e desde a perspetiva da abertura de possibilidades reais de profunda alteraçom.

Estado de guerra e estado de emergência

Desde há vários anos o Estado Francês vem literalmente declarando o território baixo o seu poder como um território “em guerra”, nom só externamente com um aumento das intervençons militares em diferentes países, senom também contra o conhecido como “inimigo interno”. Em 2014 o governo outrora socialista introduziu umha reforma da legislaçom anti-terorista (obviamente dirigida ao endurecimento da mesma), que

permite por exemplo estender o conceito dos chamados “lobos solitários” (indivíduos que agem por conta própria) ou que inclui o crime de apologia. Em linhas mais gerais, uma vaga de leis de segurança interior (seis leis novas em três anos, entre as quais está a lei sobre os Serviços de Inteligência) ia ampliar ainda mais o arsenal jurídico e policial, a presença de milícias privadas no transporte público, os meios de vigilância e todo tipo de formas de seguimento.

Em janeiro de 2015, após os ataques islamistas contra o jornal Charlie Hebdo e o supermercado Hypercasher em Paris, a propaganda do Estado e a eternamente opressora vigilância de polícias e soldados, particularmente na região parisina, foi como uma capa de asfalto botada sobre corpos e mentes. A gigantesca manifestação organizada depois destes ataques pelo Poder para juntar a horda cidadanista baixo os sacros valores republicanos, a bandeira nacional e os representantes da ordem, deu nojo e muito polo que preocupar-se às partisanas da liberdade. Material anarquista foi repartido naquele momento num chamamento a rachar com as classificações em que os Estados, tanto democráticos como religiosos, tanto de Deus como da pátria, querem incluir-nos, num chamamento contra a lógica militar e o reinado do medo, num chamamento à consecução da luta pela liberdade.

Em novembro de 2015, trá-los ataques jihadistas que causaram massacres em várias ruas e num concerto em Paris, declarou-se o Estado de Emergência. Esta medida, em teoria “excepcional” (na prática foi prolongada seis vezes, e continuará sendo-o até que o governo recentemente eleito inclua as medidas principais do estado de emergência na legislação geral), deu total liberdade aos cães do Estado para fazer registos domiciliários (as 24 horas e sem ordem judicial), registos e controis sistemáticos... Disparraram-se as operações policiais levando a numerosos arrestos (principalmente por motivos diferentes aos estritamente anti-terroristas), condenas e arrestos domiciliários administrativos (baseados em suspeitas e sem a decisão de um juiz).

Guerra Social

Mas nada disto puxa fim às conceptualizações sociais que tomam múltiplas formas e intensidades. As forças policiais continuaram a serem atacadas de diferentes maneiras e por muitos motivos, particularmente nas zonas onde som omnipresentes¹; difusas hostilidades contra aspectos dos projetos de dominação levaram-se a cabo em certos lugares. A conhecida como “guerra contra o terrorismo” contribuiu a degradar ainda mais as condições de supervivência (já miseráveis desde qualquer ponto de vista) para uma

1. Cabe salientar a importância da sabotagem, que em alguns lugares se converteu em sistemática, das câmaras instaladas pelas autoridades.

grande parte da populaçon, e o descontentamento continuou a aumentar. Um exemplo significativo da determinaçom de nom submeter-se aos mandatos do Estado e os seus derivados (como os meios de comunicaçon, os sindicatos, os políticos de todo tipo...) foi a manifestaçon transcorrida poucos dias apôs os ataques do 13 de novembro, ainda estando proibida e cancelada polas organizadoras oficiais.

Centos de pessoas rachárom o cerco policial e marchárom por umha das principais artérias de Paris para expressar ao mesmo tempo o seu rechaço ao Estado de Emergência assim como às fronteiras e as terríveis condiçons impostas às migrantes. Esta manifestaçon, como outros intentos de “excesso” durante as seguintes mobilizaçons (como aquelas contra o cùmio do COP21 de Paris) mostrárom mais umha vez que a melhor reaçon contra qualquer forma de represom nom é a indignaçon cidadania, senom a continuaçon da luta sem mediaçon.

Assim, quando o Estado tratou de aplicar o seu novo arsenal administrativo mediante arrestos domiciliários e proibições ao direito a manifestaçon para pessoas consideradas perigosas para a ordem pública, muitas camaradas, em lugar de fazer soar a democrática e mediática alarme da “liberdade de expressom”, tomárom simplesmente a decisom de desafiar ditas

proibições mediante o uso das margens à sua disposição.

É neste clima quando em março de 2016 começam as mobilizaçons contra a chamada “Loi Travail” (“Lei do Trabalho”), umha reforma orientada cara umha profunda modificaçon do direito laboral a favor da patronal e com condiçons de máxima flexibilidade na exploraçon e o despedimento. Como é habitual os sindicatos tomárom o caminho das negociaçons, alguns deles pedindo a eliminaçon da nova lei como potente vaza para manter a sua posiçon de co-dirigentes e a sua fachada de oposiçon em decadênciæ. Muitas forças políticas aproveitárom também a ocasiom para posicionar-se mais cara a esquerda no tabuleiro de xadrez pré-electoral. Mas em lugar de entrar em detalhe sobre estas eternas manobras de recuperaçon, interessa-nos mais falar sobre a raiva desencadeada por esta pinga que fai transbordar o copo, e sobre a revolta expressada durante quatro meses que logrou burlar amplamente o marco da “Loi Travail”.

Assim a todo temos que assinalar que em Paris – ali era onde estávamos –, como na maior parte das cidades, os confrontamentos coincidírom geralmente com o calendário sindical de mobilizaçons², feito que nom ficou sem consequências, concretamente quando os “dias de açom” mar-

2. Mas isto nom os livrou de serem em múltiplas ocasions objetivos de ataque. Por exemplo, o 23 de junho, umha parte da fachada do quartel geral em Paris do CFDT (Confederação Francesa Democrática do Trabalho) foi destruída, e na noite do 24 de junho atacou-se o quartel geral da CGT em Montreuil.

cados polos sindicatos tornárom menos frequentes (concordando com a sua estratégia de controle e perda de ímpeto). Quando estes “dias de açom” se sucediam a un ritmo consideravelmente alto, havia a miúde várias manifestaçons em Paris no mesmo dia. Nas manifestaçons convocadas polos sindicatos resultou evidente que deram a ordem para as suas equipas de seguridade de evitar qualquer confronto e de trabalhar estreitamente com a polícia. Umha quantidade industrial de polícias fôrom despregados para supervisar as manifestaçons ou rodear as partes mais combativas. Este enorme despregamento de controle de massas, relativamente novo em Paris, dirigiu-se à neutralizaçom de qualquer ataque móvel possível e, portanto, muitas energias fôrom postas no lançamento de manifestaçons ofensivas autónomas, assegurando a autodefesa e luitando durante todo o percurso contra as linhas de robocops super-equipados. Aqueles polícias nom duvidárom à hora de utilizar intensamente gás, bolas de borracha ou granadas aturdidoras, com as que ferírom muitas manifestantes³. Mas em lugar de sucumbir ao ato reflexo a miúde consistente em concentrar-se nos uniformes, esquecendo que som primeiro e por acima de todo um obstáculo no caminho cara a destruiçom; e no lugar de continuar a estratégia política de algumha gente, tratando de con-

verter o ódio à polícia (legitimamente partilhado por muitas) no comum denominador para juntar as massas, muitas pessoas decidirom nom acomodar-se no às vezes espetacular e ritualizado confronto frontal com a polícia.

Pequenos grupos usáron entom as margens e os espaços libera-dos para atacar desde fora das marchas autónomas que supunham participar na rotina de dominaçom e de exploraçom. Aqueles grupos multiplicárom-se por contágio; durante as manifestaçons decenas de bancos, gabinetes de desemprego, gabinetes de trabalho temporário, imobiliárias, companhias de seguros, tendas e a propriedade pública fôrom esnaquizadas; as consignas mais imaginativas ilustrárom a necessidade e a ledicia de destruir o que nos destrói.

Fora destas manifestaçons mas-sivas baseadas na concentraçom de umha massa (com os intentos de fazer-se com o controle e as lógicas populistas que podam gerar-se) e na concentraçom de polícia, impulsárom-se também distúrbios, frequentemente na noite⁴. Na nossa opiniom, estes resultam muito mais interessantes e ricos em termos de possibilidades, já que permiten muito mais à hora de escolher a trajetória (esta ou aquela zona, estes ou aqueles objetivos) e o ritmo, para assim manter à polícia em movimento e dar espaço a iniciativas

3. Em outubro de 2014 umha granada ofensiva disparada por um gendarme já matara um manifestante, Rémi Fraisse, durante a luta contra a construçom de umha barragem em Sivens. Apôs este assassinato proibirom-se este tipo de granadas em particular, mas as mutilaçons causadas polas armas “nom letais” podem-se contar por centos.

4. Nom temos interesse agora em dar detalhes sobre o movimento “Nuit Debout”, essencialmente cidadanista e esquerdisto, comparável aos “Indignados” em como ajudárom a umha nova classe de políticos a surfear na onda do descontento. Outro ponto que ambos movimentos tivêrom em comum foi a ocupação de praças públicas. Em Paris dita ocupação tivo lugar durante dous meses (mais ou menos desde finais de marzo até finais de junho). Um poderia lamentar o feito de que estas reunions

LA BEAUTÉ



EST DANS LARUE

individuais e à apropiacôom e colectivizaçôom de determinados métodos de destruçôom. No transcurso de alguns destes distúrbios saqueárom-se tanto tendas coma instituiçôns, e algumhas esquadras policiais fôrom atacadas⁵. Com estas iniciativas venhem necessariamente o potencial próprio de alteraçôom e desordem, e o caos que a sua proliferaçôom poda provocar. Neste sentido, as múltiplas formas que toma umha revolta nom som só circunstâncias, influenciadas polas condiçôns materiais que confrontam, senom que estám também ligadas a perspetivas, neste caso antiautoritárias, e às escolhas que emanam delas: por exemplo, a eleiçôom de um terreno que facilite a propagaçôom e divisom em grupos mais pequenos e móveis.

Outra proposta foi o chamento à sabotagem do fluxo normal da economia com o objetivo de perturbar o funcionamento da grande maquinária de exploraçôom. Mas aparte de algumhas açôns de bloqueio que demostrárom que um bocado de imaginaçôom, determinaçôom e meios rudimentários podem avondar para botar areia nas engrenagens, as rotinas de dominaçôom nom se vírom afetadas no tempo e, em geral, a ilusom quantitativa nom foi superada.

O feito de que a maioria das atividades estivessem focadas

cara planos e terrenos delimitados por outros foi outra limitaçôom importante. Com o Estado estreitando ainda mais o cerco arredor das possibilidades de manifestaçôom, a chegada do verao e as suas inevitáveis férias, e com a aprovaçôom final da lei, as cousas arrefriárom rapidamente.

Por outra banda, umha nom pode negar que toda a agitaçôom desses quatro meses arredor de tantas questôns que estám muito mais ligadas à guerra social do que à “guerra contra o terrorismo” modificárom consideravelmente o clima social. Um dos exemplos mais empregados para ilustrar este câmbio de paradigma é o ódio cara a polícia expressado em múltiplas formas, rachando o pseudo-consenso, posto em cena depois dos ataques, do papel defensivo das forças policiais. Além disto, a crítica de palavra e de facto à lei, ao trabalho, e ao mundo que os precisa, assim como a demonstraçôom prática de que a opres-som nom está representada só polos governantes (que, por certo, nom sempre estám tam longe como poderíamos imaginar), senom também por um conjunto de estruturas que podem ser atacadas em qualquer lugar, deixárom certamente a sua pegada.

Durante os meses seguintes os sempiternos assassinatos poli-

heterogéneas virassem um ponto de ancoragem de energias em detrimento dos espaços autónomos para o aprofundamento e a coordenaçôom. Mas em lugar disto, o rechaço de muita gente a ver-se atrapada na impotênciam produto dos mecanismos de delegaçôom e representaçôom em assembleias com cheiro parlamentário, fijo também de esta ocupação um lugar de inicio dos distúrbios. Esta determinaçôom, junto com a loca-lizaçôom numha praça bastante céntrica (place de la République) que oferecia muitas saídas em distintas direçôns, permitiu em muitas ocasiôns a rutura do cerco policial e o espargimento das hostilidades.

5. Como no 25 de fevereiro, quando apôs umha brutal intervençôom da polícia contra umha manifestaçôom de crianças de colégio em Paris, centos de pessoas indignadas tomárom as ruas durante o dia para atacar duas

esquadras policiais e expressar a sua raiva nas zonas adjacentes, saqueando dous supermercados polo caminho. Ou como no 14 de abril, quando umha devastadora marcha noturna saída de Place de la République destruiu os cristais das dependências da Oficina de Aduanas e do Ministério de Indústria e Comércio, e assaltou um supermercado e um concessionário da Jaguar.

6. "Sempiternos" assassinatos policiais, já que a listagem continua a crescer. Outros exemplos poderiam ser: a finais de março de 2017, um homem de origem chinesa de 56 anos foi assassinado no seu próprio apartamento em Paris quando a polícia acidiu por umha chamada por "ruído excessivo"; no 20 de maio, os gendarmes dispáram as suas armas matando um labrego em rebeldia em Saône-et-Loire. E isso sem citar as mortes durante persecuções automobilísticas, ou os comas e graves lesions durante confronhos rutinários.

ciais⁶ lembrárom (se isto fosse acaso necessário) que a polícia está disposta a empregar o terror como arma, especialmente nas zonas mais empobrecidas. Nalguns casos os assassinatos fôrom respostados com distúrbios, mas normalmente estes fôrom circunscritos unicamente a um tempo e um espaço, ainda quando fôrom acompanhados de disparos contra os uniformados.

De outro modo, nos inícios de fevereiro de 2017, as novas sobre a violaçom de umha rapaza com umha porra durante um controle policial, a plena luz do dia, e numha rua cheia de gente, estourárom cara fora da cidade desde a periferia parisina onde ocorreu, estendendo-se como um lume descontrolado. De esta vez a raiva propagou-se nom só a um amplo número de cidades periféricas onde os polícias fôrom em ocasions metodicamente atacados com lume, assim como os seus carros e esquadras, mas também à capital e a outras cidades. Bloqueárom-se escolas com barricadas, manifestaçons com distúrbios atacárom instituições, queimárom-se veículos (particularmente dos meios de comunicaçom, corretamente identificados como inimigos), saqueárom-se supermercados,...⁷

A revolta estendeu-se durante um mês, com ataques noturnos como mostras de solidariedade, conectando-a em ocasions com outras

histórias, como a de um camarada em prisom por rachar janelas durante os distúrbios do 14 de abril de 2016, ou o recente encarceramento (7 de fevereiro de 2017) de outro camarada, acusado de participar na queima de um carro de polícia em maio de 2016⁸.

Mas em geral, em confronto com o estendido e esquerdista discurso que marca umha estranha diferença entre Justiça e Polícia, e em confronto com as demandas que pidem à primeira que castigue os "abusos" da segunda, desvendou-se essencial o desenvolvimento de umha crítica radical do aparelho judicial como tal, assim como do conceito de "justiça" por si próprio. Assinalou-se por diferentes meios – por exemplo, muitos textos e atividades mais ou menos públicas – a necessidade de atacar este piar da autoridade como tal (como por exemplo as prisons e os seus múltiplos tentáculos), sempre com o objetivo final da eliminaçom do Estado. Reafirmadas ficárom a vingança e a revolta frente a todo possível diálogo com as instituições e frente a ilusom de melhorar o existente.

Durante todo este ano, assim como durante outros períodos de eleições presidenciais e legislativas (em 2007 e 2012, por exemplo), as hostilidades contra os partidos e os seus representantes e premisas crescêrom em intensidade: alguns candidatos violentados, reunions interrompidas, e

decenas de atos partidistas vandalizados de diferentes formas. As razões destes ataques som certamente diversas, mas resulta significativo que tocassem o total do espetro político, desde a extrema-direita à extrema-esquerda, com o Partido Socialista (naquele momento ainda no poder) sofrendo uma quantidade particular de golpes. Algumas manifestações ofensivas acontecidas entre as duas campanhas eleitorais e após os resultados das eleições presidenciais, tiveram afirmado tanto o rechaço do círculo eleitoral e a sua chantagem (por exemplo com o slogan “Ni Le Pen, ni Macron, ni Patrie ni Patron”, “Nem Le Pen, nem Macron, nem Pátria nem Patron”) como a vontade de continuarem na luta, seja qual seja o poder dominante.

A propaganda eleitoral recebeu também resposta em forma de uma ampla difusão de cartazes, brochuras e artigos em jornais de agitação anarquista que, indo muito além do clássico chamamento à abstenção – a qual resultava evidente que ia ser massiva, como finalmente foi – estenderam a linha de ataque e pugraram de relevo a perspectiva antiautoritária, insurreta e revolucionária como único caminho para liberar-se da política institucional de uma vez por todas.

Obviamente acabamos simplesmente de botar uma olhada à agitação social na França. Pode-

riamos ter falado também nos confrontamentos ligados às fronteiras como em Calais, as revoltas nas diferentes prisões, e sobre muitas outras coisas mais. Também resulta certamente útil lembrar mais uma vez que a conflitividade social não se limita a momentos concretos como os tratados aqui. As lutas contra os abusos e os projetos específicos não cesaram (as de Notre-Dame-des-Landes e Bure são provavelmente as mais conhecidas, mas não as únicas). E um amplo número de ataques dispersos, não necessariamente acompanhados de comunicados, contra diferentes objetivos, estão a deixar claro que há muitas que não se conformam totalmente com a normalidade imposta.

A leitura de certos jornais ou páginas web de contra-informação francesa dá uma ideia aproximada da guerra social em curso. Mas o refinamento da nossa percepção e as nossas análises da conflitividade vêm muito além da necessariamente deformada visão que os meios de comunicação dão de ela. Dita leitura pode, sobre todo, dar algumas indicações suplementares, dependendo de cada uma decidir o que fazer com a informação à hora de pensar a própria intervenção e à hora de desenvolver os próprios atos, sem nunca renunciar às ideias, e definitivamente à hora de não seguir alguns protagonistas transformados em “sujeitos re-

7. O 12 de fevereiro, durante uma concentração enfrentando o tribunal de Bobigny, a queima de um camião do canal televisivo RTL foi o ponto de início de um distúrbio particularmente destrutivo que durou várias horas. Por certo, os ataques aos “polícia-jornalistas” – também aos “alternativos” – multiplicaram-se durante as manifestações, e circularam textos anarquistas criticando o nocivo papel da toma de fotografias como tal (e a praga dos telemóveis) como meio utilizável pelos delatores, e pela relação com o espetador ao qual induzem.

8. O 18 de maio de 2016 a polícia organizou uma concentração para protestar contra “o ódio contra a polícia” em Place de la République em Paris, gerando distúrbios perto do lugar como resposta. Quando os manifestantes encontraram um carro-patrulha este foi neutralizado e queimado, tendo já fugido os dois policiais do interior.

Trás isto, sobre dez pessoas fôrom arrestadas em diferentes momentos. Algumhas fôrom enviadas a prison e a outras se lhes aplicárom medidas de controle judicial, todas elas acusadas de participar na açom e, num primeiro momento, de “intento de homicídio”. As acusadas já fôrom absoltas de este último cargo, mas há nove pessoas que enfrentarão os cargos de “violênciâ” e “destruçom de um veículo policial” ante um tribunal entre o 19 e o 22 de setembro de 2018, cargos polos que correm o risco de cumprir duras condenas. Há umha pessoa sujeita a umha ordem de busca internacional, outras três ainda em prison preventiva (dous delas em prison desde há mais de um ano; o fundo solidário Kalimero, existente desde 2007, envia-lhes dinheiro cada mês). A solidariedade, em termos anarquistas e antiautoritários, com este ato de queima de um carro policial, tem-se mostrado durante múltiplas atividades públicas e ataques noturnos contra umha varie-dade de objetivos.

volucionários”, com a finalidade última de aportar contribuiçons específicas. Abre-se entom un amplo panorama de possíveis questons e experimentos que ter em conta no tocante às luitas autónomas, às mil e umha formas de favorecer o crescimento das revoltas, à intensificaçom dos conteúdos subversivos e os ángulos de ataque que semelham importantes, à difusom de proposiçons práticas, aos entraves que tenhem que ser apartados do caminho, às cumplicidades a descobrir, aos possíveis artelhamentos e ecos, longe de umha atitude de “aguarda e observa”, de toda forma de populismo, de toda força que empurre cara a centralizaçom e cara a relaçom espetacular, e com a conviçom de que só a ruptura radical com

o curso normal de dominaçom pode abrir possibilidades reais de liberaçom total.

Tantos experimentos apaixona-dos que nom reconhecem frontei-ras e dos quais aguardamos que continuem a estender-se polas quatro pontas do planeta.

Algumhas internacionalistas

Traducido do inglês da revista Avalanche, anarchist correspondence nº11



.P.
C.N.T.

CCION

Cinema



Cinema de ficción anarquista durante a guerra civil

O 18 de xullo de 1936 unha serie de militares representantes das capas más reaccionarias da sociedade, levantaríanse en contra do goberno da República española coa intención de derrocalo. A resistencia a ese golpe por parte de moitas forzas do Estado e da poboación en xeral levaría a unha cruenta guerra de tres anos. Ao mesmo tempo que os fascistas intentaban asaltar o goberno pola forza; en algunas partes do Estado, como era o caso de Cataluña, os anarquistas deciden comezar unha Revolución Social coa intención de implantar unha sociedade anarquista. Esta experiencia duraría dous anos cheos de vitorias, derrotas e moitas contradicións.

Barcelona sería a cidade paradigmática dessa revolución. A súa forte industrialización facía dela unha das cidades más desenvoltas e dinámicas do Estado. Milleiros de proletarios procedentes de todas as partes do Estado e da propia Cataluña traballaban nas súas numerosas fábricas e negocios. A parte disto, contaba cunha grande actividade intelectual e artística. Dende a esquerda, os ideais anarquistas monopolizados pola FAI

e a CNT resultaban maioritarios para a meirande parte da clase traballadora. A industria do cinema non quedaba ao marxe. A CNT contaba con 250.000 afiliacións en Cataluña no ano 1936. A cidade de Barcelona contaba con catro estudos neses anos, sendo a principal produtora de cinema do momento. No sindicato estaban representados técnicos dos estudos, actores e actrices; traballadores de laboratorios de montaxe e preparación de celuloide e tamén, traballadores das salas de cinema e teatros. Todos integrados dentro do SUEP (Sindicato Único de Espectáculos Públicos) unha das moitas seccións do sindicato anarquista.

Non resulta polo tanto difícil de entender que ao pouco de desactivar o Golpe de Estado en Cataluña por parte dos anarquista e da toma dos medios de producción por estes, a industria cinematográfica fora das primeiras en ser tomada e socializada polos traballadores.

A arte e a cultura foi unha preocupación maior para os anarquistas españoles, e o cinema, que era a arte por excelencia do século XX, non podía

quedar ao marxe. A idea de construír unha sociedade diferente non só se manifestaba na colectivización dos campos de Aragón ou na da actividade fabril. O cinema era unha industria tanto de propaganda como de discernimento imprescindible para levar os ideais ácratas ás masas.

A penas dous días de comezar á Revolución xa se roda a primeira reportaxe de producción anarquista “Reportaje del Movimiento Revolucionario de Barcelona” dirixida por Mateo Santos. Este filme é un documento histórico de primeira orde pois nel podemos ver os efectos dos enfrentamentos entre os golpistas e os anarquistas na cidade. Tamén se pode ver as primeiras accións revolucionarias. O control do espazo

urbano e as edificacións burguesas más senlleiras tomadas polos traballadores ao servizo das súas necesidades. O clima de destrución da vella sociedade e construcción dunha utopía revolucionaria está presente en toda a reportaxe. Quizais o momento máis emocionante e que reflicte ese optimismo inicial é o desfile pola Diagonal dos numerosos milicianos e milicianas que se dirixen cara a fronte de Aragón tomando as armas, autobuses e carros blindados co deseño de derrocar o fascismo e instaurar a Revolución Social.

Logo deste filme, que sería máis tarde empregado polos fascistas como propaganda contra a “barbarie roxa”, seguiríanlle unha serie de reportaxes de Guerra onde se mostraban



os avances na fronte aragonesa así como a situación de guerra noutros puntos territorio.

Pese a iso, a industria cinematográfica estaría parada. Os esforzos bélicos e a inestabilidade inicial impedían unha producción estable para rodar filmes de ficción, e polo tanto, a inactividade ao persoal que traballaba nos estudos e laboratorios cinematográficos. Nas salas de cine a situación era diferente, aquí proxectábanse películas vidas do exterior, sobre todo de Hollywood e tamén outras de producción española que foran grandes éxitos coma "Nobleza baturra" ou algunas que quedaban sen estrear.

O problema para os anarquistas era a contradición que se daba á hora de permitir certo tipo de proxeccións. Por unha banda era imprescindíbel manter a actividade económica e o emprego dos traballadores pero por outra banda, estabanse a proxectar filmes que podían contradicir os ideais revolucionarios e mesmo estar cargados de ideoloxía conservadora e "beata", pero que a súa vez supoñía un éxito incuestiónable de público. Por ese motivo inténtase na medida do posible facer criba nos filmes e intentar seleccionar filmes que ideoloxicamente non sexan contrarios aos postulados ácratas. Escolleranse filmes de Charles Chaplin ou de musicais americanos entre outros co fin de asegurarse o éxito sen caer en moitas contradicións. Hai moi pouca presencia de cinema soviético con respecto a Madrid, onde a presencia do Partido Comunista e

de sindicatos como UGT era moito maior que en Cataluña.

O Comité da SUEP, unha vez que a liña da fronte avanza e o territorio catalá está máis ou menos estable, decide comezar coa produción de filmes propios. Por ese motivo a finais do ano 36 crearán a produtora SIE filmes (Sindicato de la Industria del Espectáculo). Con isto, intentarán mover a industria e darlle traballo aos miles de traballadores dos estudos cinematográficos de Barcelona.

Por outra banda, tal e como escribiría anos antes o director e intelectual anarquista Mateo Santos o anarquismo podería, a través do cine "ensinar deleitando". Para iso cumpría facer películas de ficción que fosen capaces de conter ideaís anarquistas mais ao mesmo tempo, empregando os gustos e a linguaxe da época. Querían escapar do cinema soviético que chegaba a España. Non só polo seu mensaxe comunista senón pola linguaxe propagandística chea de "artifícios" que era apreciada pola crítica e a intelectualidade do momento pero moi pouco polo público en xeral.

A idea clave era crear unha industria sen perdas e capaz crear beneficio. Pretendía, ao igual que Hollywood, ocupar o mercado estatal e exportar os filmes a outros países. Deberían de ser películas de éxito, capaces de levar consigo o ideal anarquista. Servirían non só para expandir a revolución en termos culturais, senón tamén en termos económicos

A idea era tan ambiciosa como a propia ilusión. Por iso, nun primeiro momento intentase "recrutar" directores afins, en maior o menor medida, de prestixio internacional, para levar a cabo este proxecto (Vidor, Chaplin, Pabst, Clair...). Pero enseguida se darán conta de que iso é praticamente imposible, polo que deciden optar por xente que estea ligada á industria e que presenten un proxecto.

Non se coñece moito cales foron os procesos de selección para a busca destes proxectos. Certo é que houbo algúns proxectos frustrados dos que a penas se rodaran uns metros. As primeiras producións de ficción deste período foron estreadas a co-

mezos do 1937 e tratáronse de dúas mediometraxes. "La última", unha historieta didáctica que fala dos perigos do alcoholismo, e "Nosotros somos así". Esta última trátase dun musical protagonizado por nenas e nenos que pretende emular ás producións hollywoodienses de Shirley Temple e os musicais de Warner Brothers. Neste filme móstrase a visión política dos anarquistas a través de música, coreografías vistosas e personaxes dos debuxos animados populares na época como Popeye ou Betty Boop. Nel podemos ver, con toques de humor, o funcionamento dun proceso asembleario ou mesmo unha reivindicación da igualdade de sexos.



“Aurora de Esperanza”(1937) de Sau Olite sería a primeira longametraxe finalizada. Nela podemos ver os efectos da crise do 29 na clase obreira, as penurias e asinxustizas que levarán a que o pobo (dun país imaxinario) se levante e comece unha revolución que traerá consigo unha “aurora de esperanza”, que lle da nome ao filme. Trátase dun documento interesante dentro do cinema por ser a primeira película de carácter social que conservamos dentro do cinema español, non sería a primeira pois xa durante a República hai constancia de filmes deste tipo hoxe perdidos. O principal problema que presenta este filme é o mesmo que o da seguinte producción “Barrios Bajos” de Pedro Puche. Sendas historias son un tanto ambiguas e non mostran un ideal anarquista claro. Tanto é así que foron rexeitadas pola CNT logo da estrea e proxectadas durante os primeiros anos da Ditadura. Crese que isto se pode deber ao pouco compromiso ideolóxico que presentaban os seus directores e guionistas. Pese a iso, compre sinalar que nestes filmes veremos aspectos que non serían tratados no cinema español até décadas posteriores. Ademais, que foran estreados nos primeiros anos do Franquismo, no que a presenza de Falanxe e a tendencia fascista do réxime era máis clara pode tamén ser unha das claves para entender porque logo da Segunda Guerra Mundial estes filmes foron censurados e esquecidos. Quizais esa linguaxe pseudo revolucionaria do fascismo aceptara en

maior medida este tipo de propostas fronte a viraxe “nacional-católica” do Réxime logo da caída do fascismo internacional.

Pero como destacaba antes, estes filmes presentan temas moi interesantes e innovadores. “Barrios Bajos” por exemplo trata a dura vida do lumpen barcelonés e como a burguesía ociosa xoga coas vidas dos máis desfavorecidos. Este filme trata temas como a “trata de branquias” cunha gran dureza e denuncia. Tamén aparece o tráfico de drogas. Quizais “Barrios Bajos” é un dos primeiros filmes onde se mostra o consumo de cocaína, algo que en España non se vería até a década dos 80.

O último, e quizais o más ambicioso dos filmes anarquistas, foi “Nuestro Culpable”. Este será o canto do cisne da produción ácrata. Non se estreará até primavera de 1938 cando os anarquistas xa están fora do poder dentro do bando republicano por mor da influencia stalinista dentro do Goberno do presidente Negrín.

A making off de “Nuestro Culpable” merecería un libro ou incluso un documental a parte. Trátase da mellor película anarquista filmada, unha das melhores comedias musicais españolas e sen dúbida a película que máis avatares sufriu para poder ser filmada. O súa realización dilatouse varios meses por mor de múltiples problemas ocasionados pola guerra.

A diferencia das outras producións, “Nuestro Culpable” foi filmada en

Madrid. Nesta cidade o poder anarquista era menor e tiña que ser compartido con UGT e o Partido Comunista. Os anarquistas contaban con menos recursos. Se por exemplo en Barcelona a CNT controlaba 114 sa-

las de cine, en Madrid eran tan só 11. Outro factor importante é que Madrid estaba na primeira liña de batalla. A penas 4 quilómetros do centro da capital estaba a fronte, na cidade universitaria.



Se a isto lle sumamos a escaseza de medios, tanto técnicos como de subsistencia, os continuos bombardeos e a presenza maior de quintacolumnistas nas filas republicanas resúltanos más incríbel entender como o resultado deste filme pode ser tan notábel.

“Nuestro Culpable” foi un intento desesperado de levar as premisas antes citadas dun xeito máis conciso. A necesidade de cartos e axudas do exterior necesitaba dunha produción sen fisuras na que cumpría que os melhores profesionais estiveran presentes tanto no apartado técnico como no artístico. Por ese motivo non se exixirá presentar ningún tipo de afiliación sindical, pese a iso gran parte da ficha técnica e artística está vinculada á CNT ou á defensa da República.

Pese a contar con actores e actrices afins aos sublevados, o filme será o que mellor expoña os ideais anarquistas. Tanto é así que será prohibido polo Franquismo.

Pese a tratarse dun musical frívolo, protagonizado polas estrelas do cinema burgués da República Ricardo Núñez e Charito Leonís, non esconde unha crítica feroz á unha sociedade hipócrita e corrupta na que se demostra como a xustiza está en mans dos poderes económicos e como esta se ceba coas clases más desfavorecidas.

Un ladrón castizo, estilo Robin Hood, será capaz de xogar cos poderes fácticos, empregando as súas

propias armas. Todo isto acompañado de humor, casticismo, erotismo, números musicais e un “happy end” que soamente é posibel no cinema. Sen dúbida compre reivindicar, sobre todo porque en algúns aspectos continúa a ser atemporal.

A socialización da industria cinematográfica é sen dúbida unha das experiencias más interesantes da historia do cinema mais ao mesmo tempo das más esquecidas. Mesmo en programas de televisión onde se presume de mostrar os filmes que forman a “historia de nuestro cine” estas películas son pasadas por alto. Afortunadamente a CNT ás ten a disposición de todo o mundo a través de Internet, polo que soamente queda que as desfrutedes.

A. Pardo



Ferramentas



Contrato(do)

Chega o fim do inverno ao país dos pelengrins, e já sabemos que coa fim do inverno chega o trabalho para as suas residentes, por isso falaremos dos *contratos laborais*. Non é que seja indispensábel para trabalhar neste país, mas se o tendes ou por se algum dia o tendes ái vam alguns dados:

—O contrato é um acordo entre umha empresa e umha trabalhadora (contratante e contratada) polo qual «a trabalhadora *obriga-se* mediante umha retribuiçom a emprestar um serviço pessoal à contratante, baixo a dependênciam permanente e direçom imediata ou delegada desta». Todas as relaçons laborais na história baseam-se nestes dous tipos, *a que manda*: dona, ama, senhora; e *as que obedecem*: escravas, servas... e assim até os nossos dias coa patronal e empregadas. *O contrato laboral é a expressom de servidume dos séculos XX e XXI. Somos escravas modernas.*

No **contrato laboral** devem constar os dados da contratante (nome, apelidos e residênciam pessoais ou da empresa), o trabalho que se obriga a prestar (tipo e categoria), horas e

lugar de trabalho, a retribuiçom (salarío por unidade de tempo, obra...) e a duraçom do contrato e do período de prova. Nel aparecerá também o nome, apelidos e número da SS da contratada. Haverá 4 copias, e a ti como trabalhadora corresponde-che umha, outra para a contratante e duas para as autoridades laborais (INEM). Os contratos laborais devérán estar regulados polo Estatuto das Trabalhadoras, convénios colectivos, leis orgânicas, a constituiçom espanhola e tratados internacionais. Os convénios colectivos son os pactos entre as representantes das empresas e as das trabalhadoras, negocianse por sector (hotelaria, metal, construçom...) e existem a nível estatal, autonómico, provincial e até de empresa. Por outra parte o Estatuto das Trabalhadoras é a norma básica onde se recolhem os principais direitos do sistema laboral tais como a jornada de 40 horas semanais (sim amigas, trabalhar mais horas é ilegal segundo elas mesmas), 30 días de férias por ano trabalhado, as causas legais de despedimento (cada vez mais aberto e barato para as empresas) e os diferentes tipos de contrato dos que falaremos deseguido.

Amigas e vizinhas, segundo recolhem todos os papéis de regulação do trabalho do estado espanhol : «os contratos serán indefinidos como norma geral». Quantas tivemos um contrato indefinido? E mais, quantas tivemos incluso contratos? Porque resulta que para que os contratos sejam temporais deve existir umha causa justificada, tal como :

—Realizaçom dumha obra ou serviço determinado, obra específica com previsibilidade temporal, ainda que nom se sabe quando rematará (ou sim, antes de ser indefinida), ainda que por lei nom pode durar mais de três anos. (Segundo convénios podem ser 4 anos).

—Acumulaçom de tarifas ou excesso de pedimentos: repontar de atividida de na empresa, sim vizinhas, o nosso país basea neste contrato a nossa economia por isso somos precárias...

—A sustituiçom dumha outra trabalhadora por motivos como férias, excedências, maternidade,...

—As trabalhadoras fixas -discontínuas : realizam trabalhos intermitentes dos que se desconhece a data de realizaçom.

As condições laborais e os direitos (salário, jornada...) som as mesmas que nos contratos indefinidos, e quando sejam segundo a duraçom da jornada também, dá igual parcial que completa nom porque os contratos temporais sejam parciais ou temporais os nossos dire-

itos também. A diferença chega à hora de pagar a indemnizaçom por despedimento que só se pagará aos contratos indefinidos.

Segundo a duraçom da jornada temos dous tipos de contrato:

—A tempo completo: jornada semanal de 40 horas como máximo, todas as horas por riba som horas extraordinárias e devem pagar-se a maiores de soldo segundo convénio, e o seu valor é como mínimo igual ao da hora ordinária, também se pode fazer um acordo coa patronal para cambiá-lo por outras horas livres. As horas extra, salvo excepçom de que se firmaram no contrato som sempre voluntárias, polo que nos podemos negar a fazê-las e nom podem ser usadas como causa de despedimento.

—Tempo parcial ou meia jornada: jornada inferior a 40 horas semanais, e a sua remuneraçom é proporcional ao tempo trabalhado segundo o convénio, as horas extras nesta categoria devem estar pactadas no contrato e nom podem supor mais do 15% da jornada laboral, cumha ampliaçom que pode chegar ao 60% por convénio colectivo. Para realizá-las a contratante deverá avisar-nos com umha semana de antecedência mímino. (Importante: pode-se renunciar à realizaçom das mesmas por cuidado de familiares, estudos ou por ter outro trabalho, às vezes vemo-nos na obriga de firmar estas horas para obter o trabalho, assim que firma-o que logo podes safá-las).

Nos nossos contratos também aparece que temos um período de prova que o tempo durante o qual a contratante ou a contratada podem finalizá-lo contrato sem causa , sem pré-aviso e sem indenizaçom. Este período terá que estar refletido no contrato e a sua duraçom depende do convénio coletivo. (Para as emprendedoras o período de prova abrange 1 ano). Se no período de prova o trabalho que realizamos é doutra categoria profissional ou realizamos outras funçons o período quedará invalidado e qualquer finalizaçom deste será um despido improcedente com direito a indemnizaçom.

Outros tipos de contratos som :

—Contrato de formaçom e aprendizagem : a contratada deverá ter umha idade compreendida entre os 16 e os 25 anos e deverá carecer de qualificaçom profissional reconhecida, se a contratada é umha pessoa com diversidade funcional ou pertencente a um colectivo de exclusom social nom se aplicará o limite máximo de idade. A duraçom do contrato é mínimo de 1 ano e máximo 3 anos, e a sua retribuiçom nunca pode ser inferior ao salario mínimo profissional. Nestes contratos requere-se que o 25% da jornada do primeiro ano e o 15 % do segundo se destinem a formaçom ou dentro do lugar do trabalho ou num centro de formaçom.

—Contrato em práticas: tenhem como objetivo facilitar a prática profissional às pessoas que rematárom os seus estudos como máximo com 4

anos de antiguidade de rematar esses estudos. A sua duraçom é dum míni-mo de 6 meses e máximo de 2 anos. O seu salário é pactado nos convénios coletivos. Ou no seu defeito será entre o 60% e 75% do salario dumha trabalhadora da empresa com contrato nom em práticas. Existe um contrato em práticas para maiores de 52 anos beneficiários do subsídio de desemprego pra facilitar a reincorporaçom deste coletivo ao sistema laboral.

Estamos contratados e contratodo sistema de explotaçom. Trabalhar mata e os contratos atentam contra as nossas vidas.

Ulalume Nokurro



O fío negro da historia



Epifanías Libertarias Vol. 2

California, Apátrida Galega 2017

Terceira parte de tres do artigo, para seguir máis volumes de epifanías libertarias visitade o blogue:

iriaboomdias.wixsite.com/epifaniaslibertarias/

Manoel Antonio: trala pegada dunha nova coordenada

Manoel Antonio, nado en Rianxo en 1900, amosou dende ben novo forte inquedanza cultural e sensibilidade pola problemática social, ligada a un continuo movemento vital que o levou a residir en diferentes partes de Galicia antes de embarcarse a percorrer mundo. Cando neno, a enfermidade do seu pai e máis a profesión de mestra da súa nai, levaríano a vivir en Padrón e Tui e tamén a escapar de Cangas do Morrazo en 1911 ao non querer ser cura, para en sucesivos anos e até a súa morte levar unha vida marcada polo afán de coñecer e cultivarse.

En 1913 inicia bacharelato por libre no Instituto General y Técnico de Santiago de Compostela, continua despois entre 1916 e 1918 en réxime oficial (con residencia en Compostela) e remata no 1919-1920 de xeito non oficial, antes de ir para Vigo en marzo de 1921 a cursar a carreira de piloto na Escuela de Náutica de Vigo.

Nesta escola en xaneiro de 1923 acha o título (teórico) de piloto da mariña mercante e en marzo dese ano volta a Compostela para cursar por libre a carreira de Filosofía e Letras asemade que segue visitando Vigo (amais doutros pagos galegos) e tendo sempre Asados como base, a onde regresa en 1924 e reside até febreiro de 1926 que embarca no *Constantino Candeira* (1926-1927). Tras esta travesía e noutras por deseñar no *Gelria* (1928) e no *Arosa* (1929) volve a Rianxo en novembro de 1929, a piques de morrer. O *Epistolario* dinos que o 29 de outubro de 1929 abandona Cádiz, onde se hospedaba con Juan Pérez González -irmán de José e Roxelio, curmáns e habituais interlocutores vitais do poeta- para dous meses más tarde: 28 de xaneiro de 1930: arrevoarexpirar en Asados.

Despois desta data, e durante máis de vinte anos, pouco se soubo do legado documental de Manoel Antonio até

que Domingo García-Sabell (un dos admirados pola oratoria de J. Villa-verde) trata en calidade de médico a Purificación Sánchez (nai de M. A.) e ten acceso aos papeis que gardaba o mariño no seu camarote de Asados. Logo, a convxuntura histórica faría que García-Sabell, quen coñece a Manoel Antonio en vida e atende anos máis tarde á saúde da súa nai, fose o primeiro agraciado-responsable de dar ao prelo a obra completa. Porén, o médico non logrou cumplir esta misión, xa que comeza pola *Obra Completa I. Poesías* (1972), salta á *Obra Completa III. Correspondencia* (1979) e non edita nada máis. Con todo, para nós, este feito non resta interese as súas edicións, ao seren as primeiras e iren precedidas de reveladores proemios que merecen recordarse. Daquela, antes de somerxernos na propia producción de M. Antonio, recapitulamos unhas palabras de García-Sabell como balizas indispensables nesta travesía. *Poesías*, a primeira das entregas, consta dunha “ampla” introdución bio-bibliográfica intitulada “Manoel-Antonio, o aparecido” con sucesos da súa vida e outra información interesante como a relación das obras da biblioteca do rianxeiro ou as principais influencias que segundo García-Sabell marcaron a Manoel Antonio e entre as que este destaca o poeta anarquista Joan Salvat-Papasseit. Entramos pois en *Manoel-Antonio, o aparecido* e lemos: “o seu xaimismo e a xermanofilia do poeta duraron ben pouco. Mais a conciencia da dimidade humá e, con ela, da libertade, foron medrando sen pausa” (García Sabell, 1972:20). Para

pouco máis adiante afirmar:

Manoel-Antonio era, por esencia, poeta. (...) Pero o curioso é que iste poeta esencial estaba dobrado por un home de aición, por un organizador, por un rebelde, por un protestario aitivo. Era, pois, home de compromisos. E, ao tempo, poeta libre, poeta libérrimo (García Sabell, 1972:43).

Así, neste limiar, García-Sabell non aprofunda máis no carácter libertario do poeta e só localizamos a palabra “anarquista” unha única vez dentro deste texto:

Pro a doença non perdoa. Cada día Manoel-Antonio perde terreo. Xa está no fogar maternal. Encama. Soedade. Veñen as longas conversas a soias, ca nai. ¿Qué se dixerón aqueles dous seres tan distintos que no percorrer da vida apenas chegaron a entenderse, ela devota por demáis, con unha miga de asustada, con medo ás ideas do fillo; i ele, o fillo, un aventureiro apaixoadxo pola libertade, esixente, autoritario, patriota da súa terra, insobornable, anarquista e místico? (García-Sabell 1972:39).

Tralas *Poesías* habería que agardar até 1979 para coñecer a *Correspondencia*, pero desta volta con só seis páxinas de prólogo fronte as sesenta de “Manoel Antonio, o aparecido”. Emporiso, o curioso deste prefacio é que, sendo tan breve, un dos seus motivos principais sexa o anarquismo de Manoel Antonio:

No Limiar do volume das “Poesías”, eu defín a Manoel-Antonio como “un aventureiro apaixoadxo pola libertade, esixente, autoritario, patriota da súa terra, insobornable,

anarquista e místico". Os avatares da súa existencia que no meu escrito se consignaban ben o proban e ben sosteñen tales notas antropolóxicas. Pois ben, agora, nestas cartas, pódese alucar, con máxima nidieza, o desenvolvemento, o percorrido de cada unha delas. Para poñer un exemplo: o seu anarquismo (Pérez Sánchez, 1979:10).

Non sabemos se esta xustificación responde a ter recibido críticas pola súa declaración nas *Poesías* ou se ben quere adiantarse ás que poidan vir. Sexa como for, esta reafirmación resulta sorprendente para nós, sobre todo porque a descripción que este fai deste anarquismo encaixa perfectamente co que abrigaban Mella e Vilaverde:

Como anarquista, reclama a aniquilación das estruturas que integran, que aferrullan o ser fondo da nosa terra. Como anarquista puro, entende que cómpre botar man da violencia. E con unha ardentía moi xuvenil e moi do tempo, pide balazos, pide agresividade, pide desfeita. A desfeita precisa para logo poder construír (Pérez Sánchez, 1979:10).

polo que o editor defende deste modo o anarquismo do rianxeiro, pero aclarando que este non era un terrorista, senón unha persoa inquieta e de aí o seu acratismo:

O pulo polo pulo. O pulo, diría eu, como forma de vida. E non sorriades. Pois o pulo como forma de vida constitúe, sin dúbida, unha das formas más outas e más nobres de existencia que a criatura humana pode concebir. Anarquismo teórico, non ten volta. Anarquismo de acción eso xa é distinto

e, no caso do poeta, non conta. (Pérez Sánchez, 1979:11).

E finalmente a palabra "anarquista" emerxe por último despois de falar da personalidade do poeta, cando García-Sabell alude a quen ían dirixidas as cartas:

Moitos máis proveitos ten a lectura da *Correspondencia* do rianxeiro. Nela pescase doadamente a honestidade, o rigor moral, o desinterés (...) o espírito de axuda, o amor á terra, de uns e de outros. Anarquistas e non anarquistas, poetas, escritores, artistas plásticos (...) todos pugnando por servir a Galicia, por tirála da súa menesterosidade (Pérez Sánchez, 1979:12).

Ora ben, a verdade é que García-Sabell cumplíu moi parcialmente o que adiantaba neste prólogo posto que a pegada anarquista desta *Correspondencia* redúcese a dúas emblemáticas cartas: unha a Victoriano Taibo e outra a Álvaro Cebreiro. Dito isto, entramos na vida e producción do rianxeiro seguindo os seus escritos coñecidos.

Comezamos por Compostela onde Manoel Antonio residía cando Villa-verde dirixía o cadro "Brisas Futuras" porén, até que en 1918 este se manifesta como socio do Centro Republicano desa cidade, non temos proba documental de que o de Rianxo tivese relación co movemento obreiro. Mais neste ano, o poeta dille ao seu curmán Roxelio (irmán de Pepito -José Pérez-): "No pasé por el Centro Republicano. El último día fui por allá y estaba cerrado. Si vás allá dile

al conserje que durante estos cuatro meses del verano me doy de baja por estar fuera" (Pérez Sánchez, 2015:56). Deste centro, onde se mesturaron anarquistas e republicanos, destaca a actividade de José Pasín, o ebanista fundador dos diarios *La Defensa* e *La Lucha Social*, quen estivera detido con Villaverde, compartira con este último varios mitins e, polo que lemos, mantiña amizade con Roxelio dado que, en marzo de 1919, este último dille a M. Antonio:

Pubrícase, sendo órgano da federazón obrera, *La Lucha Social*. Aínda non vin a Pasín. Colaborarei. Un d'estos días haberá un mítin, é ó paro xeneral. (...) Fun ver Xan Xosé, o drama de Dicenta. Cada vez, gústame mais. E iso, que os actores, non son grande cousa. A primeira actriz, boeno. Traballa ben. Pero ó que facía de Xan Xosé, non estivo a grande altura. É de moi difícil interpretazón. (Pérez Sánchez, 2015:315).

Até o de agora, esta é, para nós, a única posible proba real que une Villaverde coa realidade manuelantoniana. Así, sospeitamos que o actor que encarnaba a Xan Xosé era Villaverde, malia non termos localizada aínda en prensa a actuación á que se fai referencia. Porén, o carpinteiro acadaría o alcume de "Juan José" pola súa continua interpretación desta obra e el mesmo asinaria textos con ese nome. Ademais, esta relación de Roxerius -ou Roxelio- con "Brisas Futuras", vese reforzada por unha carta anterior onde Roxelio dille a Manoel Antonio "pedíume Caulonga unha obriña para «Brisas Futuras». Xa veremos se ll'a podo faguer" e que ten como posdata "N'o Centro [Republicano] Pasín presidente. Irei por aló. Pódese faguer algo" (Pérez Sánchez, 2015:314).

Deixamos Compostela e viaxamos a Vigo xunto con Manoel Antonio na súa recente chegada á cidade, quen residiría no lendario enclave anarquista do Paseo Alfonso XII asemade estudaba na Escuela de Náutica sita no edificio de Artes e Oficios (Avda. García Barbón, 5), que por esas datas tiña de veciño de enfrente a Ricardo Mella (Avda. García Barbón, 10) Casualmente, ante o desconcerto inicial de Manoel Antonio na súa chegada, Roxerius recoméndalle: "E digo que me tería conta o Ateneio vigués, porque sería un bó outeiro pra pór sobor d'el un faro" (Pérez Sánchez, 2015:359). Ao que Manoel Antonio responde:

Falabas do Ateneio. O Ateneio poida ser que o fagan os nazonalistas. Pol-o de pronto na sua xunta orgaizadora están Lustres Rivas, que é nazoalista, e Cabanillas (...) Xa veremos que camiño vai a seguir (...) porque aínda non está constituído. Coido que se constituirá oficialmente o domingo que vén. Tampouco teñen local. O que teñen e o que ten Vigo: cartos. Agora só falta que uns escolleitos cerebros dirixan iso, e non vaia cair n'as pecadoras mans d'os Reis d'o bacalau, d'a fariña y outros monarcas vigueses. Unha mostra de que teñen cartos é a de que xa pensan n'unha editorial (Pérez Sánchez, 2015:100).

Estamos logo a falar do mesmo Ateneo de Vigo que referimos anteriormente e ao que nun comezo pertenceu R. Mella. Particularmente, resulta moi interesante esta relación de M. Antonio co Ateneo, ante todo polas súas reflexións no intitulado "Ateneísmo" e pola posibilidade de

que nalgún momento Manoel Antonio e Mella puidesen chegar a coñecerse ou a cruzar unhas palabras nalgún dos seus actos. Sucedese isto ou non, o certo é que nese verán de 1921 é cando o de Rianxo, ao falar sobre a creación artística co poeta Victoriano Taibo conclúe o seu argumento coa famosa: “Y-en consiguiente o Anarquismo é a suprema Ley d' Estética” (Pérez Sánchez, 2015:120), primeira alusión coñecida a esta corrente nos escritos manoe-lantonianos. Logo, para nós, o poeta avoga por esta idea como sinónimo de individualismo e primeiro paso a dar cara o logro do Ideal Libertario, posto que en consecutivos textos o rianxeiro reivindicará esta calidade paralelamente á idea anarquista: no manifesto “¡Más Allá!” (1922) os seus asinantes afirman renegar dos movementos de vanguarda por ser dogmáticos e non respectar a “anárquica dilecn [sic] individual” (Pérez Sánchez, 2012:141) amais de presentar o individualismo como máxima vital que goza de apartado de seu na estrutura do manifesto: “Consagramos a individualidade ata o extremo de desexar que a definición de cada un de nós sexa unha verba: o seu propio nome” (Pérez Sánchez, 2012:143). Aínda que o que nos provoca máis curiosidade a nós é o peche do texto que, a súa vez, dá título ao manifesto:

¡Mocidade! (...) Cómpre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos cos nosos pasos e afrontar nela unha peregrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo do camiño agárdanos unha voz que nos berra: ¡Más allá! (Pérez Sánchez, 2012:143).

Xa que logo, coñecedoras da sonada frase de Mella “Más Allá del Ideal hay siempre Ideal”, só podemos imaxinar que esa voz que lle berraba a M. Antonio non era outra que a do topógrafo vigués. Deixamos a nosa idea nese limbo invisible que une os dominios da ficción e a realidade e lemos agora o “Prólogo de un libro de poemas que ningúen escribeu” publicado no *Galicia: Diario de Vigo* en 1924, onde Manoel Antonio, unha vez máis, reitera a súa individualida-de ligánda á poesía e á anarquía:

O autor d'iste libro, a difrenza dos poetas da sua terra (...) non por asomellar-se a ninguén (...). Fixo da sua independenza un sagro fanatismo, e vel-equí o tendes só, ergueito e orguloso. Ten, ademais, o seu arte resoanzas futuristas, creacionistas, dadaístas e non sei que mais, todas elas anarquicamente escolmadas e autocraticamente peneiradas. (*Galicia: Diario de Vigo*, 25/07/1924).

Así e todo, o anarquismo polo que Manoel Antonio avogaba non se limitou á creación artística e, meses antes da publicación do texto anterior, escribía a Cebreiro:

D'a actualidade política non quero falar...

Eu considero-me fora d'a Yrmadade, porque resulta estreita demais prá cantidade e intensidade de Nazoalismo que eu sinto. Cada volta vexo-me mais afincado n-as miñas ideas sindicalistas: suprimindo o Estado, outra d'as ventaxas que s'arrecadan é a de suprimir a política; e a política, vou vendo que é a nosa gran doenza racial, a que mais axiña compre aniquilar. Hai que ato-

par a maneira de que o galeguíño non poida ter un mandiño, e a mellor maneira consiste en suprimir o mandiño: o Estado, con todal-as suas organizacións. Aconsello-che seriementes que te impoñas o traballo, por unha ves n-a tua vida, d'estudar o anarquismo, e sobre todo a sua forma mais práctica que é o sindicalismo. Aseguro-che que si a sua verdade non chegase a convencer-che, convencerían-che as innumerables ventaxas que traguería n-o caso da Nosa Terra (Pérez Sánchez, 2015:193).

Por se esta rotundidade do poeta non fose suficiente, o colofón as nosas sospeitas con respecto da posible influencia de Villaverde e Mella en M. Antonio está no escrito sen datar “O Estado”, resumo máis breve e conciso que coñecemos de *La ley del número* de Mella:

Un Estado, sempre será, calquera que sexa a sua constitución, unha de duas cousas: tiránico ou democrático.

Si é tiránico, xa de principio admitimos que unha minoría hai n-el, a direitora, que asoballa á grea restante, á mayoría. Pol-o tanto, un Estado tiránico é unha negación d'a Libertade. D'a Libertade d'a maoría.

Si é democrático, teremos que o maxinar coma un sistema de forzas, sumas de vontades, coincidentes n-un fin, o bo goberno, e d'aquela impoñerá-se a forza mais potente, que é, n-o noso caso, a mais outa suma de vontades. Restará, pol-o tanto, sempre, unha grea, as vontades menos numerosas, asoballada pol-a mais forte. Logo, o Estado democrático é tamén unha negación d'a Libertade. D'a Libertade d'as minorías.

Vexa-se como o Estado, en todol-os casos posibles, tiránico ou democrático, é sempre a negación d'a Libertade. N-o primeiro caso, d'a Libertade dá maoría; n-o segundo, d'a Libertade d'as minorías.

A negación d'o Estado é a Acracia ou Anarquía. Compre agora demostrar: 1º que a Acracia non é unha negación d'a Libertade. 2º que é a única forma d'o seu conseguinte universal.

Método e sistema: dirección e camiño (Pérez Sánchez, 2012:209).

Ante o paralelismo argumentativo de ambos textos, cremos estar de novo a escoitar a voz de Mella no oído de M. Antonio. Sabemos do radicalismo galego no tocante á defensa da lingua por parte do mariño e tamén que Mella non acepta o ideal nacionalista; non obstante, non cremos imposible que ambos persoeiros chegasen a coñecerse e a intercambiar opinións. Idea que reforza o feito de que a Escola de Náutica de Vigo estivese ubicada no edificio da Escola de Artes e Oficios posto que, além de que Mella vivía en fronte desta e era unha persoa ben coñecida e respectada na cidade, a totalidade da súa descendencia estaba ligada dalgún modo a esta Escola: punto de encontro da inquietud intelectual que albergaba daquela a biblioteca municipal e que hoxe en día conserva copia da primeira edición de *La ley del número*. Ao tempo, a amizade de Roxelio con Pasín e o entorno de “Brisas Futuras” agudiza a sospeita de que Villaverde e Manoel Antonio se coñecesen, ao seren ambos persoas sinaladas da

realidade galega da época. A xeito de epílogo e porta aberta á continuación da pescuda está a relación da que case ningúén fala entre Manoel Antonio e Eugenio Granell -que posuía varios libros de Mella na súa biblioteca-, quen declara nas súas *Memorias de Compostela* con respecto a Manoel Antonio: “Yo fuí amigo suyo entre 1924-1928 (...) eran una especie de fiestas mis paseos vespertinos con él bajo los pórticos de la rúa del Villar donde frecuentemente nos juntábamos con otros amigos” (Granell, 2006:135).

De certo, esta *Epifanía Libertaria Apátrida* ten moitos matices por descubrir, así que mentres continuamos na súa procura, en próximas entregas ampliaremos documentalmente este episodio e no Vol. 3 de agosto exploraremos as descoñecidas aventuras da mocidade de Mella...pronto Mais Millor!

Sor Presa

Full respect to Comando RM, M^a Jesús Cuesta e F. Cameselle

+Info: iriaboomdias@gmail.com

Bibliografía · só os libros·

García-Sabell, Domingo (1972). Manoel Antonio, o aparecido (separata do limiar Poesías de Manoel Antonio). Vigo: Galaxia.

Granell, Eugenio F. (2006). Memorias de Compostela: visión orlada por estrellas, islas, árboles y antorchas. Santiago de Compostela: Fundación Eugenio Granell.

Pérez Sánchez, Manoel-Antonio (1979). Obra Completa III. Correspondencia (Ed. García-Sabell). Vigo: Galaxia.

Pérez Sánchez, Manuel Antonio (2012). Obra Completa II. Prosa (Ed. X. L. Axeitos Agrelo). A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Pérez Sánchez, Manuel Antonio (2015). Obra Completa III. Epistolario (Ed. X. L. Axeitos Agrelo). A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.



Chora et
labora



«Passei os melhores anos da minha vida dentro dum supermercado»

Espertas, levas as tuas crianças à escola, e desde aí sais pitando para chegar a tempo ao supermercado. Abre às 8:00h, ou seja que se apuras, poderás mercar o básico, deixar a compra em casa e logo ir correndo ao trabalho.

Pergunto: se o supermercado abre às 8:00h e a tal hora todos os produtos estão nas prateleiras, prontos para os mercares, a que horas começam a trabalhar as trabalhadoras? Segundo a Inspeçom do Trabalho as trabalhadoras começam a trabalhar justo quando abre o supermercado. Sim, a Inspeçom do Trabalho no nosso país pensa que as prateleiras se enchem soas, que a tábua de queijos se limpa soa, e que o dinheiro na caixa central dos supermercados se conta só, sem presença humana.

Nom se poderia deixar de fazer unha mençom à pequena árvore da paranoia laboral, situado dentro do bosque dos alimentos podrecidos que mercas, dos que falaremos mais abaixo. Bem-vinda à Grécia.

Som Nikos e estou bem. Já estou bem. Passei os melhores anos da

minha vida (ou quando menos os que teriam de ser os melhores, mas melhor nom falar disso) dentro dum supermercado. Nom importa de que empresa. De todos os jeitos, dumha das grandes. Nom penso que seja umha pessoa má. Penso, com todo, que figem dano. Nom, idiota (estou a falar a mim próprio, nom fagas caso), o de eu “simplesmente figem o meu trabalhinho” nom é ou nom teria que ser umha escusa. Na Idade Média o verdugo fazia um trabalhinho, mas é que este trabalhinho nom é exataamente o que chamaríamos “um trabalho normal”.

Vendim produtos caducados. Muitos produtos caducados. Enganei a gente. Cambiei o adesivo com a data de caducidade em muitíssimos envases. Volvím meter no frigorífico do supermercado leite que estava dous dias fora dele. Vendim queijo feta que fora esquecido no congelador e que tornara numha massa parecida a umha pedra. Botei nacos de queijo caducado dentro do barril dos queijos, e vendim-nos como queijo fresco.

O mau é que todo isto é o quotidiano, e a partir dalgum momento nom

te impressiona. Estás tam podreida dentro desta corrupçom que simplesmente perpetuas o que sucedia muito tempo antes de ti e vai suceder durante muito tempo depois de ti.

E agora passemos ao difícil. Todas estas exageraçons que che estou a descrever nom som um parêntese negativo, nom formam parte da má gestom dumha certa empresa. O que leste é a regra que rege o funcionamento dos supermercados. Nom podem funcionar doutra maneira. Explico-me: nos muitos anos que me dim malheiras em corredores, prateleiras, frigoríficos e armazéns, aprovei todos os cursos que asiste o que quere chegar a ser encargado. Durante este processo estudei e aprendim todas as normativas, todas as leis e todas as janelas únicas que podam existir nelas. Asseguro-che, podo assinar com as duas maos, e podo escrever o meu nome e o meu apelido debaixo da minha firma, que se os supermercados cumprissem a lei cada dia como cumpre, e se os aparelhos de controlo do Estado fizessem o seu trabalho, teriam que contratar outras tantas empregadas. Isto nom é unha exageraçom.

Tomemos, por exemplo, a entrega dos produtos alimentares perecedoiros. O processo que se deve cumprir é o seguinte: sacas os paletes do camiom (com os produtos acima), colhes dous produtos de cada palete e esnaquila-los para medir e registar a sua temperatura. Depois armazenas os paletes nos refrigeradores do armazém, indo cargando os

produtos um a um, para se manter intacta a chamada “cadeia de frio”. Em todos estes anos em que estivem a trabalhar em supermercados, sabes quantas vezes cumprim ao pé da letra com este processo? Umha. A vez que recebemos umha “visita” do controlo interno da empresa, cujos encargados vigilárom em silêncio o processo da entrega. Só aquela vez. Todas as demais vezes carregava os paletes no ascensor ou os punha ao longo dos corredores, para tê-los ao meu lado, à beira dos frigoríficos nos que havia que colocar os produtos. Este processo podia chegar a durar umhas sete horas. Durante este tempo obviamente os produtos estavam fora do frigorífico.

Por suposto que cada supermerca-do está interessado no lucro e o seu funcionamento rege-se por ele. O problema existe e perpetua-se por mor da debilidade (nom sabemos se é deliberada ou nom, mas com o nosso cérebro maligno podemos supô-lo) do Estado para pôr freno (às ilegalidades) e de fazer controlos minuciosos. Estivem sete anos a trabalhar em supermercados. Umha soa vez fum testemunha dum controlo feito polo Estado. Entendeche-lo? Podes compreender que numha empresa associada diretamente com a saúde pública o controlo do Estado é quase inexistente? E por que é inexistente?

Umha razom poderia ser que o Estado nom estea com gana de tirar dinheiro das ilegalidades constantes e diárias das grandes cadeias de supermercados. Mas, o que se passa? Nom

podem ser tam masoquistas. Assim que ou o Estado nom se atreve a meter-se com as empresas que tenhem a moeda de cambio da ameaça “le-varei a empresa a Bulgária e aumentarei-che a taxa de desemprego”, ou tem a vontade mas é corrupto, como costuma passar na Grécia.

Logicamente, a verdade está no meio. O governo de turno negocia com as grandes cadeias do mercado e em comum criam um marco particularmente favorável para elas, o qual legaliza com destreza todo o que ocorre nos armazéns dum supermercado. O seu único objetivo é o lucro,

desinteressando-se polas condiçons de higiene, da contorna laboral e dos direitos laborais.

Resumindo: nom vás querer saber que comes. Nom vás querer saber o trajeto do queijo feta até chegar à tua mesa. Por suposto, ainda que o quigesses, nom poderias sabê-lo. Porque ninguém controla, ninguém se interessa de verdade. Todas fam o parvo. Todas.

Boas compras.

Texto de Nikos Bóvolos, publicado na página web www.iforinterview.com.





ВСІМ, ХТО НА ПИРИШКОДІ
ДОБУТЬЯ ВІЛЬНОСТІ
ТРУДОВОМУ ЛЮДУ

Banda
Desenhada

NESTOR MAKHNO



A REVOLUÇOM DE OUTUBRO DE 1917 DEU EXPRESSOM A FORÇAS QUE, PARA ALÉM DOS BOLCHEVIQUES, DEIXÁROM PEGADA NA RÚSSIA. NUMHA PARTE DA UCRÂNIA


CEDIDA POLO TRATADO DE BREST-LITOVSK, A CONFEDERAÇOM NABAR DECLAROU A SUA AUTODETERMINAÇOM E DIVIDIU AS TERRAS ENTRE O CAMPESINATO.



O EXÉRCITO GUERRILHEIRO ORGANIZADO POR NESTOR MAKHNO FUSTIGOU OS TERRATENENTES APOIADOS POR ALEMANHA. AMIÚDE USANDO DISFARCES INIMIGOS PARA OBTER PRIMEIRO A SUA HOSPITALIDADE.




AS DIVISOMS ALEMÃS ENVIADAS PARA SUBMETE-LO, FOROM DERROTADAS. COMEÇOU ENTOM O SEU CAMINHO CARA O NORTE CONVERTENDO OS POSTOS DE MANDO BOLCHEVIQUES POR COMUNAS LIBERTÁRIAS.



POUCO DEPOIS EMPREGANDO OS CARROS LIGEIROS DOS CAMPONESES COMO TRANSPORTE PARA A INFANTARIA, CONSEGUIU PARAR OS EXÉRCITOS BRANCOS DE DENIKIN.

MAS O EXÉRCITO QUE EM TEORIA SE ORGANIZOU DEMOCRATICAMENTE, EM REALIDADE FUNCIONAVA COM MAO DURA BAIXO A SUA COMANDÂNCIA



AS SUAS TÁTICAS POUCO ORTODOXAS LOGRARAM A VITÓRIA EM DENIKIN, MAS POUCO DEPOIS TROSKY ORDENOU O ENCARCERAMENTO DE TODOS OS ELEMENTOS ANARQUISTAS. MAKHNO E O SEU EXÉRCITO

RESISTÍROM DURANTE NOVE MESES ATÉ A INVASÃO DE WRANGEL. DEPOIS DISTO, O EXÉRCITO SOVIÉTICO OFERECEU-LHES ÀS PRESAS ANARQUISTAS, QUE SERIAM CEIVADAS A CÂMBIO DE AJUDAR-LHES NA ÚLTIMA GUERRA CONTRA O EXÉRCITO BRANCO.



O RESULTADO FOI DE VITÓRIA E OS LÍDERES DO EXÉRCITO DE MAKHNO FÔROM CONVIDADOS A UMA CONFERÊNCIA A CRIMEIA, ONDE TODOS, EXCETO UMA UNIDADE DE CAVALARIA BAIXO AS ORDES DE MAKHNO, SOFREM UMA ARMADILHA E SÓM ARRESTADOS E FUSILADOS.

ESTE E OS SEUS HOMENS LUITAM DURANTE MESES, NUM PRINCÍPIO COM VITÓRIAS, MAS FINALMENTE OPTAM POR FUGIR A PARIS, ONDE MAKHNO MORRE EM 1934 DE TUBERCULOSE.



Contidos

nº3

Vozes

- O inesperado
- Anáise crítico do 8 de Marzo, día da muller traballadora

Alem

- Luitando baixo o estado de emergência

Cinema

- Cinema de ficción anarquista durante a guerra civil

Ferramentas

- Contrato(do)

O fio negro da história

- Manoel Antonio: trala pegada dunha nova coordenada (Epifanias libertarias vol.2.3)

Chora et labora

- «Passei os melhores anos da minha vida num supermercado»

Banda desenhada

- Nestor Makhno

Ardora

(s)ediçons anarquistas

ardora@bastardi.net · ardoraeditora.info